

9. Elaborarase un plan de vacinación completo, con diversos marcos hipotéticos, con indicación dos grupos de aves de curral e doutras aves cativas que participarán, un cálculo da cantidade necesaria de vacinas e a súa dispoñibilidade.

10. Deberán existir disposicións sobre a dispoñibilidade de datos sobre o rexistro de explotacións comerciais de aves de curral no territorio de España, sen prexuízo doutras disposicións pertinentes que a lexislación comunitaria estableza neste ámbito.

11. Tomaranse medidas para recoñecer as razas protexidas, de ser o caso, rexistradas oficialmente de aves de curral e doutras aves cativas.

12. Tomaranse medidas para identificar as zonas de gran densidade de aves de curral.

13. Adoptaranse disposicións que outorguen a capacidade xurídica necesaria para a aplicación dos plans de intervención.

14. Contarase coa colaboración, asesoramento ou apoio do sector produtor.

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

8350 *REAL DECRETO 504/2007, do 20 de abril, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.* («BOE» 96, do 21-4-2007.)

A disposición derradeira sétima da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, faculta o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución da citada lei, coa finalidade principal de facer efectivo o exercicio do dereito subxectivo de cidadanía que se lle recoñece a todos os españois en situación de dependencia a través do sistema para a autonomía e atención á dependencia.

Con independencia desta habilitación xeral, a disposición derradeira quinta da lei encoméndalle ao Goberno a aprobación dun regulamento que estableza o baremo para a valoración dos graos e niveis de dependencia previstos nos artigos 26 e 27. Así mesmo, o Goberno debe dar cumprimento á disposición adicional décimo terceira da lei, que establece unha valoración específica para os menores de tres anos que atenda ás especiais circunstancias que derivan da súa idade.

De acordo co capítulo III, título I, da lei, o baremo que se establece no anexo I desta norma determina os criterios obxectivos para a valoración do grao de autonomía das persoas, no que atinxe á capacidade para realizar as tarefas básicas da vida diaria, así como á necesidade de apoio e supervisión a este respecto para persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental.

A valoración ten en conta os informes existentes relativos á saúde da persoa e ao medio en que se desenvolve. Este instrumento de valoración da situación de dependencia inclúe un protocolo cos procedementos e técnicas que se deben seguir e a determinación dos intervalos de puntuación que corresponden a cada un dos graos e niveis de dependencia.

Así mesmo, este real decreto, en cumprimento do disposto na disposición adicional novena da Lei 39/2006, posibilita tamén a efectividade do recoñecemento da situación de dependencia dos que teñan recoñecida a pensión de grande invalidez ou a necesidade de axuda de terceira persoa.

No suposto das persoas que teñan recoñecido o complemento de grande invalidez, mediante a aplicación do baremo, establecerase o grao e nivel de dependencia de cada persoa, garantindo, en todo caso, o grao I dependencia moderada nivel 1. E no que se refire aos que teñan recoñecido o complemento de necesidade de terceira persoa segundo o anexo 2 do Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de minusvalidez, establécese a aplicación da correspondente táboa de homologación.

En cumprimento do disposto no artigo 27 e na disposición derradeira quinta da Lei 39/2006, o Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención da Dependencia adoptou o Acordo do 23 de marzo de 2007, polo que se aproban o baremo de valoración dos graos e niveis de dependencia e a escala de valoración específica para menores de tres anos, así como a homologación dos recoñecementos previos para aquelas persoas que teñan recoñecido o complemento de grande invalidez e para os que teñan recoñecido o complemento da necesidade do concurso doutra persoa.

En cumprimento dos artigos 40 e 41 da Lei 39/2006, o proxecto foi sometido ao Comité Consultivo do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, Consello Estatal de Persoas Maiores, Consello Nacional da Discapacidade, Consello Estatal de Organizacións non Gobernamentais de Acción Social, así como ao Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade, que emitiron informe favorable.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais e, en substitución deste e de conformidade co Real decreto 502/2007, do 19 de abril, a vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de abril de 2007,

DISPONGO:

Artigo único. *Baremo de valoración dos graos e niveis de dependencia e escala de valoración específica para os menores de tres anos.*

Apróbanse o baremo de valoración dos graos e niveis de dependencia e a escala de valoración específica para os menores de tres anos que figuran como anexos I e II deste real decreto.

Disposición adicional primeira. *Efectividade do recoñecemento das situacións vixentes de grande invalidez e da necesidade do concurso doutra persoa.*

1. Para efectos do previsto na disposición adicional novena da lei, ás persoas que teñan recoñecido o complemento de grande invalidez recoñeceráselles a situación de dependencia, co grao e nivel que se determine mediante a aplicación do baremo establecido no artigo anterior, garantindo en todo caso o grao I dependencia moderada, nivel I.

2. Así mesmo, ás persoas que teñan recoñecido o complemento da necesidade do concurso doutra persoa, determinado segundo o baremo do anexo 2 do Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación de grao de minusvalidez, recoñeceráselles o grao e nivel que lles corresponda, en función da puntuación específica

outorgada polo citado baremo, de acordo coa seguinte táboa:

De 15 a 29 puntos: grao I de dependencia, nivel 2.

De 30 a 44 puntos: grao II de dependencia, nivel 2.

De 45 a 72 puntos: grao III de dependencia, nivel 2.

3. As persoas que teñan recoñecida a necesidade de asistencia de terceira persoa, de acordo co anexo 2 do Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, continuarán desfrutando de todos os efectos xurídicos do dito recoñecemento, cando deban acreditarlo ante calquera Administración ou entidade pública ou privada, mentres non lles sexa recoñecido o grao e o nivel de dependencia que lles corresponda conforme o presente baremo.

4. Nos supostos recollidos nos números anteriores desta disposición adicional, o recoñecemento da situación de dependencia, co grao e nivel que se determine mediante a aplicación do baremo establecido neste real decreto, realizarano os órganos correspondentes, por instancia da persoa interesada ou do seu representante legal.

Disposición adicional segunda. *Valoración da necesidade do concurso doutra persoa para o recoñecemento das prestacións non contributivas da Seguridade Social e para o desfrute de calquera beneficio, servizo ou axuda nos cales sexa necesaria a acreditación desta situación.*

A determinación da situación de dependencia e da necesidade do concurso doutra persoa a que se refiren os artigos 145.6, 182 bis 2.c), e 182 ter do Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, realizarase mediante a aplicación do baremo aprobado polo presente real decreto, coas especificacións relativas á idade e ao tipo de discapacidade que se establecen nel. A determinación da situación de dependencia, mediante a aplicación deste baremo, servirá tamén para o desfrute de calquera beneficio, servizo ou axuda establecidos por calquera Administración pública ou entidade nos casos en que sexa necesaria a acreditación de axuda de terceira persoa.

Disposición adicional terceira. *Ampliación dos períodos de descanso por maternidade.*

Para a ampliación do período de descanso por maternidade nos supostos de discapacidade do fillo ou menor acollido, aplicarase a escala de valoración específica para menores de tres anos, considerando que procede a ampliación cando a valoración sexa polo menos do grao I moderado.

Así mesmo, para efectos da ampliación do período de descanso por maternidade que, de acordo coa lexislación aplicable, corresponda nos casos en que o neonato deba permanecer hospitalizado a continuación do parto, serán tidos en conta os internamentos hospitalarios iniciados durante os trinta días naturais seguintes ao do parto.

Disposición adicional cuarta. *Revisión do baremo.*

Transcorrido o primeiro ano de aplicación do baremo de valoración da situación de dependencia que se establece mediante este real decreto, o Consello Territorial do Sistema para a Autonomía Persoal e Atención á Dependencia realizará unha avaliación dos resultados obtidos e propondrá as modificacións que, se é o caso, coide procedentes.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto. En particular, queda expresamente derogado o anexo 2 do Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, sobre procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de minusvalidez, sen prexuízo do previsto na disposición adicional primeira, punto 3.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de abril de 2007.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXO I

Baremo de valoración dos graos e niveis de dependencia (BVD)

INTRODUCCIÓN

De acordo co artigo 2.2 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, a dependencia é “o estado de carácter permanente en que se encontran as persoas que, por razóns derivadas da idade, a enfermidade ou a discapacidade, e ligadas á falta ou á perda de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisan da atención doutra ou doutras persoas, ou axudas importantes para realizar actividades básicas da vida diaria ou, no caso das persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental, doutros apoios para a súa autonomía persoal”.

O baremo de valoración da dependencia (en diante, BVD) permite determinar as situacións de dependencia moderada, dependencia grave e de gran dependencia.

- a) Grao I. Dependencia moderada: cando a persoa necesita axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria, polo menos unha vez ao día, ou ten necesidades de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía persoal. Correspóndese cunha puntuación final do BVD de 25 a 49 puntos.
- b) Grao II. Dependencia severa: cando a persoa necesita axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria dúas ou tres veces ao día, pero non require o apoio permanente dun coidador ou ten necesidades de apoio extenso para a súa autonomía persoal. Correspóndese a unha puntuación final do BVD de 50 a 74 puntos.
- c) Grao III. Gran dependencia: cando a persoa necesita axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria varias veces ao día e, pola súa perda total de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, necesita o apoio indispensable e continuo doutra persoa ou ten necesidades de apoio xeneralizado para a súa autonomía persoal. Correspóndese cunha puntuación final do BVD de 75 a 100 puntos.

Así mesmo, o BVD permite identificar os dous niveis de cada grao en función da autonomía persoal e da intensidade do coidado que require de acordo co establecido no punto 2 do artigo 26 da Lei 39/2006. O BVD é aplicable en calquera situación de discapacidade e en calquera idade, a partir dos tres anos.

CRITERIOS DE APLICACIÓN

1. A valoración baséase na aplicación dun cuestionario e na observación directa da persoa que é valorada por parte dun profesional cualificado e coa formación adecuada no BVD. No caso de persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental, así como naquelas outras situacións en que as persoas poidan ter afectada a súa capacidade perceptivo-cognitiva, tales como a xordocegueira e o dano cerebral, o cuestionario aplicarase en forma de entrevista en presenza da persoa que se vai valorar e coa participación de persoa que coñeza debidamente a situación do solicitante.
2. A valoración realizarase tendo en conta os correspondentes informes sobre a saúde da persoa e sobre o medio en que viva, e considerando, se é o caso, as axudas técnicas, órteses e próteses que lle fosen prescritas (art. 27.5 da lei). Ademais, estas deberanse poñer en relación coas barreiras existentes no seu contorno habitual.

3. O baremo debe ser aplicado no medio habitual da persoa, valorando as seguintes actividades e tarefas do medio habitual dentro e fóra do domicilio: comer e beber; regulación da micción/defecación; lavar as mans e lavar a cara; desprazarse fóra do fogar. O resto de actividades e tarefas do medio habitual correspóndense co domicilio habitual.
4. Valórase a necesidade de apoio doutra persoa na actividade ou tarefa aínda que a persoa valorada o estea recibindo actualmente e con independencia deste.
5. O baremo valorará a capacidade da persoa para levar a cabo por si mesma as actividades básicas da vida diaria, así como a necesidade de apoio e supervisión para a súa realización por persoas con discapacidade intelectual ou con enfermidade mental (art. 27.4 da lei), así como naquelas outras situacións en que as persoas poidan ter afectada a súa capacidade perceptivo-cognitiva.
6. Para valorar a capacidade da persoa valorada para realizar por si mesma e de forma adecuada as tarefas que se describen no BVD débese ter en conta tanto a súa capacidade de execución física como a súa capacidade mental e/ou de iniciativa, sempre e cando existan deficiencias permanentes (motrices, mentais, intelectuais, sensoriais ou doutro tipo). No caso das patoloxías que cursan por abrochos, a valoración realizarase na situación basal do paciente, tendo en conta a frecuencia, duración e gravidade dos abrochos.
7. A valoración do desempeño da persoa valorada nas distintas tarefas enmárcase na valoración global da actividade correspondente. Naqueles casos en que as persoas con discapacidade intelectual ou con enfermidade mental, así como con afectacións na súa capacidade perceptivo-cognitiva, que son capaces de realizar as tarefas da actividade dun modo illado pero que requiren de apoio e supervisión xeral para a realización, dun modo comprensivo, da actividade no seu conxunto, valoraranse con falta de desempeño en todas as tarefas da actividade correspondente.
8. O valorador identificará o nivel e os problemas de desempeño que ten a persoa valorada nas tarefas que se inclúen neste formulario de acordo cos criterios de aplicación mencionados. Así mesmo, sinalará tamén o grao de apoio doutra persoa que require a persoa valorada para levar a cabo as tarefas e actividades.
9. A valoración de actividades e tarefas realízase de acordo cos criterios de aplicabilidade que recolle a táboa de grupos de idade e de existencia de discapacidade intelectual ou enfermidade mental (DI/EM) ou outras situacións en que as persoas poidan ter afectada a súa capacidade perceptivo-cognitiva (ver a táboa máis adiante).

Lea devagar as descrições e claves que aparecen a continuación.

Niveis de desempeño de tarefas:

SI, a persoa valorada é capaz de realizar a tarefa sen o apoio doutra persoa.

NON, a persoa valorada necesita o apoio doutra persoa.

NON APLICABLE.

Problemas no desempeño de tarefas:

F. Non executa fisicamente a tarefa.

C (só aplicable en DI/EM). Non comprende a tarefa e/ou execútaa sen coherencia e/ou con desorientación.

I (só aplicable en DI/EM). Non mostra iniciativa para a realización da tarefa.

Graos de apoio doutra persoa nas tarefas:

SP. Supervisión/preparación. A persoa valorada só necesita que outra persoa lle prepare os elementos necesarios para realizar a actividade e/ou lle faga indicacións ou estímulos, sen contacto físico, para realizar a actividade correctamente e/ou evitar que represente un perigo.

FP. Asistencia física parcial. A persoa valorada require que outra persoa colabore fisicamente na realización da actividade.

FM. Asistencia física máxima. A persoa valorada require que outra persoa a substitúa na realización física da actividade.

ES. Asistencia especial. A persoa valorada presenta trastornos de comportamento e/ou problemas perceptivos-cognitivos que dificultan a prestación do apoio doutra persoa na realización da actividade.

Na valoración da dependencia considéranse as seguintes actividades de autocoidado, mobilidade e tarefas domésticas que se conceptualizan, de acordo coa clasificación internacional do funcionamento, a discapacidade e a saúde (OMS 2001), tal como se detallan a continuación; así como a actividade de tomar decisións no caso de persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental ou outras situacións en que as persoas poidan ter afectada a súa capacidade perceptivo-cognitiva.

COMER E BEBER: levar a cabo as tarefas e accións coordinadas relacionadas con comer os alimentos servidos, levalos á boca e consumilos de maneira adecuada para a cultura local, cortar ou partir a comida en anacos, abrir botellas e latas, usar cubertos. Suxeitar o vaso, levalo á boca e beber de maneira adecuada para a cultura local, mesturar, revolver e servir líquidos para beber, beber a través dunha axuda instrumental.

REGULACIÓN DA MICCIÓN/DEFECACIÓN: indicar a necesidade, adoptar a postura adecuada, elixir e acudir a un lugar adecuado para urinar/defecar, manipular a roupa antes e despois de urinar/defecar e limparse despois de urinar/defecar.

LAVARSE: lavar e secar todo o corpo ou partes do corpo, utilizando auga e materiais ou métodos apropiados de lavado e secado, como bañarse, ducharse, lavar as mans e os pés, a cara e o pelo, e secarse cunha toalla.

OUTROS COIDADOS CORPORAIS: coidado de partes do corpo que requiren un nivel de coidado maior que o mero feito de lavarse e secarse.

VESTIRSE: levar a cabo as accións e tarefas coordinadas precisas para pór e quitar a roupa e o calzado na orde correcta e de acordo coas condicións climáticas e as condicións sociais, tales como pór, abrochar e quitar camisas, saias, blusas, pantalóns, roupa interior (...), zapatos, botas, sandalias e zapatillas.

MANTEMENTO DA SAÚDE: coidar de un mesmo sendo consciente das propias necesidades e facendo o necesario para coidar da propia saúde, tanto para reaccionar fronte aos riscos sobre a saúde como para previr enfermidades, tal como buscar asistencia médica, seguir consellos médicos e doutros profesionais da saúde e evitar riscos.

TRANSFERENCIAS CORPORAIS: agrupa as actividades seguintes:

- Sentarse: adoptar e abandonar a posición de sentado, e cambiar a posición do corpo de estar sentado a calquera outra como levantarse ou deitarse.
- Deitarse: adoptar e abandonar unha posición deitada ou cambiar a posición do corpo da horizontal a calquera outra, como pórse de pé ou sentarse.

- Pórse de pé: adoptar e abandonar a posición de estar de pé ou cambiar a posición corporal de estar de pé a calquera outra posición como deitarse ou sentarse.
- Transferir o propio corpo mentres se está sentado: moverse, estando sentado, dun asento a outro, no mesmo ou diferente nivel, como moverse desde unha cadeira a unha cama.
- Transferir o propio corpo mentres se está deitado: moverse estando deitado dun lugar a outro no mesmo ou diferente nivel, como pasar dunha cama a outra.

DESPRAZARSE DENTRO DO FOGAR: andar e/ou moverse dentro da propia casa, dentro dun cuarto, entre diferentes cuartos.

DESPRAZARSE FÓRA DO FOGAR: camiñar e/ou moverse, preto ou lonxe da propia vivenda, e/ou utilizar medios de transporte, públicos ou privados.

TAREFAS DOMÉSTICAS: agrupa as actividades seguintes:

- Preparar comidas: idear, organizar, cociñar e servir comidas frías e quentes para un mesmo.
- Facer a compra: conseguir a cambio de diñeiro bens e servizos necesarios para a vida diaria, como a selección de alimentos, bebidas, produtos de limpeza, artigos para a casa ou roupa; comparar a calidade e prezo dos produtos necesarios, negociar e pagar polos bens ou servizos seleccionados e transportar os bens.
- Limpar e coidar da vivenda: inclúe actividades como ordenar e quitar o po, varrer, fregar e pasar a fregona aos chans, limpar ventás e paredes, limpar cuartos de baño e inodoros, limpar mobles; así como lavar os pratos, as tixolas, as potas e os utensilios de cociña, e limpar as mesas e o chan arredor da área onde se come e cociña.
- Lavar e coidar a roupa: lavar a roupa (á man ou á máquina), secala (ao aire ou á máquina), pasarlle o ferro e gardala no armario ou similar.

TOMAR DECISIÓNS: capacidade de controlar, afrontar e tomar por propia iniciativa decisións persoais acerca de como vivir de acordo coas normas e preferencias propias. Agrupa a toma de decisións relativas ás actividades de autocoidado, actividades de mobilidade, tarefas domésticas, interaccións interpersoais básicas e complexas, uso e xestión do diñeiro e uso de servizos á disposición do público.

TÁBOA DE APLICABILIDADE DE TAREFAS E ACTIVIDADES DO BVD

A continuación preséntanse en forma de táboa os criterios de aplicabilidade das tarefas e actividades do BVD en función do grupo de idade da persoa valorada, así como en función da presenza de discapacidade intelectual ou enfermidade mental ou doutras situacións en que as persoas poidan ter afectada a súa capacidade perceptivo-cognitiva. As tarefas ou actividades que non son aplicables no caso da persoa valorada sinálanse na táboa seguinte NA.

O sistema de ponderación de tarefas e actividades do baremo axústase en función das tarefas e actividades que son aplicables no caso da persoa valorada, de acordo coas táboas de pesos que aparecen no anexo deste documento.

Aplicables en todas as situacións de dependencia	3 a 6 anos	7 a 10 anos	11 a 17 anos	18 e máis anos
COMER E BEBER				
Empregar nutrición e/ou hidratación artificial	NA	NA	Si	Si
Abrir botellas e latas	NA	Si	Si	Si
Cortar ou partir a carne en anacos	NA	Si	Si	Si

Aplicables en todas as situacións de dependencia	3 a 6 anos	7 a 10 anos	11 a 17 anos	18 e máis anos
Usar cubertos para levar a comida á boca	Si	Si	Si	Si
Suxeitar o recipiente de bebida	Si	Si	Si	Si
Achegar o recipiente de bebida á boca	Si	Si	Si	Si
Sorber as bebidas	Si	Si	Si	Si
REGULACIÓN DA MICCIÓN/DEFECACIÓN				
Acudir a un lugar adecuado	Si	Si	Si	Si
Manipular a roupa	Si	Si	Si	Si
Adoptar e abandonar a postura adecuada	Si	Si	Si	Si
Limpase	NA	Si	Si	Si
Continencia micción	Si	Si	Si	Si
Continencia defecación	Si	Si	Si	Si
LAVARSE				
Lavar as mans	Si	Si	Si	Si
Lavar a cara	Si	Si	Si	Si
Lavar a parte inferior do corpo	NA	Si	Si	Si
Lavar a parte superior do corpo	NA	Si	Si	Si
OUTROS COIDADOS CORPORAIS				
Peitearse	NA	Si	Si	Si
Cortar as uñas	NA	NA	Si	Si
Lavar o pelo	NA	Si	Si	Si
Lavar os dentes	NA	Si	Si	Si
VESTIRSE				
Calzarse	NA	Si	Si	Si
Abrochar botóns	NA	Si	Si	Si
Vestir roupa da parte inferior do corpo	NA	Si	Si	Si
Vestir roupa da parte superior do corpo	NA	Si	Si	Si
MANTEMENTO DA SAÚDE				
Aplicar medidas terapéuticas recomendadas	NA	Si	Si	Si
Evitar riscos dentro do domicilio	NA	Si	Si	Si
Evitar riscos fóra do domicilio	NA	NA	Si	Si
Pedir axuda ante unha urxencia	NA	NA	Si	Si
TRANSFERENCIAS CORPORAIS				
Sentarse	Si	Si	Si	Si
Deitarse	Si	Si	Si	Si
Pórse de pé	Si	Si	Si	Si
Transferirse mentres sentado	Si	Si	Si	Si
Transferirse mentres deitado	Si	Si	Si	Si
DESPRAZARSE DENTRO DO FOGAR				
Desprazamentos vinculados ao autocoidado	Si	Si	Si	Si
Desprazamentos non vinculados ao autocoidado	Si	Si	Si	Si
Acceso a todos os elementos comúns dos cuartos	Si	Si	Si	Si
Acceso a todas as estancias comúns da vivenda en que reside	Si	Si	Si	Si

Aplicables en todas as situacións de dependencia	3 a 6 anos	7 a 10 anos	11 a 17 anos	18 e máis anos
DESPRAZARSE FÓRA DO FOGAR				
Acceso ao exterior	NA	Si	Si	Si
Desprazamento arredor do edificio	NA	Si	Si	Si
Desprazamento próximo	NA	Si	Si	Si
Desprazamento afastado	NA	NA	Si	Si
Utilización de medios de transporte	NA	NA	Si	Si
REALIZAR TAREFAS DOMÉSTICAS				
Preparar comidas	NA	NA	NA	Si
Facer a compra	NA	NA	NA	Si
Limpar e coidar a vivenda	NA	NA	NA	Si
Lavar e coidar a roupa	NA	NA	NA	Si

Aplicables só en situacións de persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental ou con deficiencia na capacidade perceptivo-cognitiva	3 a 6 anos	7 a 10 anos	11 a 17 anos	18 e máis anos
TOMAR DECISIÓNS				
Actividades de autocoidado	Si	Si	Si	Si
Actividades de mobilidade	Si	Si	Si	Si
Tarefas domésticas	NA	NA	NA	Si
Interaccións interpersoais	Si	Si	Si	Si
Uso e xestión do diñeiro	NA	Si	Si	Si
Uso de servizos á disposición do público	NA	NA	Si	Si

VALORACIÓN EN COMER E BEBER

¿É capaz de realizar as seguintes tarefas relativas a comer e beber sen o apoio doutra persoa no seu medio habitual?

TAREFAS	DESEMPEÑO			Problemas en desempeño			GRAO DE APOIO PERSOAL		
				F	C	I			
Empregar nutrición e/ou hidratación artificial	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Abrir botellas e latas	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Cortar ou partir a comida en anacos	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Usar cubertos para levar a comida á boca	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Suxeitar o recipiente de bebida	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Achegar o recipiente de bebida á boca	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Sorber as bebidas	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES

NOTAS DA VALORACIÓN DA ACTIVIDADE

1. Problemas identificados no informe de condicións de saúde que afectan o desempeño do solicitante na actividade.	2. Descrición do funcionamento do solicitante na actividade.	3. Identificación do emprego de axudas técnicas.
		4. Barreiras ou facilitadores no contorno.
		5. Outras observacións.

VALORACIÓN EN REGULACIÓN DA MICCIÓN/DEFECACIÓN

¿É capaz de realizar as seguintes tarefas relativas á regulación da micción/defecación sen o apoio doutra persoa no seu contorno habitual?

TAREFAS	DESEMPEÑO			Problemas en desempeño			GRAO DE APOIO PERSOAL		
				F	C	I			
Acudir a un lugar adecuado	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Manipular a roupa	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Adoptar ou abandonar a postura adecuada	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Limpase	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Continencia micción	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Continencia defecación	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES

NOTAS DA VALORACIÓN DA ACTIVIDADE

6. Problemas identificados no informe de condicións de saúde que afectan o desempeño do solicitante na actividade.	7. Descrición do funcionamento do solicitante na actividade.	8. Identificación do emprego de axudas técnicas.
		9. Barreiras ou facilitadores no contorno.
		10. Outras observacións.

VALORACIÓN EN LAVARSE

¿É capaz de realizar as seguintes tarefas relativas a lavarse sen o apoio doutra persoa no seu medio habitual?

TAREFAS	DESEMPEÑO			Problemas en desempeño			GRAO DE APOIO PERSOAL		
				F	C	I			
Lavar as mans	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Lavar a cara	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Lavar a parte inferior do corpo	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Lavar a parte superior do corpo	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES

NOTAS DA VALORACIÓN DA ACTIVIDADE

11. Problemas identificados no informe de condicións de saúde que afectan o desempeño do solicitante na actividade.	12. Descrición do funcionamento do solicitante na actividade.	13. Identificación do emprego de axudas técnicas.
		14. Barreiras ou facilitadores no contorno.
		15. Outras observacións.

VALORACIÓN NOUTROS COIDADOS CORPORAIS

¿É capaz de realizar as seguintes tarefas relacionadas con outros coidados corporais sen o apoio doutra persoa no seu medio habitual?

TAREFAS	DESEMPEÑO			Problemas en desempeño			GRAO DE APOIO PERSOAL		
				F	C	I			
Peitearse	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Cortar as uñas	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Lavar o pelo	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Lavar os dentes	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES

NOTAS DA VALORACIÓN DA ACTIVIDADE

16. Problemas identificados no informe de condicións de saúde que afectan o desempeño do solicitante na actividade.	17. Descrición do funcionamento do solicitante na actividade.	18. Identificación do emprego de axudas técnicas.
		19. Barreiras ou facilitadores no contorno.
		20. Outras observacións.

VALORACIÓN EN VESTIRSE

¿É capaz de realizar as seguintes tarefas relacionadas con vestirse sen o apoio doutra persoa no seu contorno habitual?

TAREFAS	DESEMPEÑO			Problemas en desempeño			GRAO DE APOIO PERSOAL		
				F	C	I			
Calzarse	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Abrochar botóns	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Vestir a roupa da parte inferior do corpo	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Vertir a roupa da parte superior do corpo	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES

NOTAS DA VALORACIÓN DA ACTIVIDADE

21. Problemas identificados no informe de condicións de saúde que afectan o desempeño do solicitante na actividade.	22. Descrición do funcionamento do solicitante na actividade.	23. Identificación do emprego de axudas técnicas.
		24. Barreiras ou facilitadores no contorno.
		25. Outras observacións.

VALORACIÓN EN MANTEMENTO DA SAÚDE

¿É capaz de realizar as seguintes tarefas relacionadas co mantemento da saúde sen o apoio doutra persoa no seu contorno habitual?

TAREFAS	DESEMPEÑO			Problemas en desempeño			GRAO DE APOIO PERSOAL		
				F	C	I			
Aplicar as medidas terapéuticas recomendadas	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Evitar riscos dentro do domicilio	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Evitar riscos fóra do domicilio	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Pedir axuda ante unha urxencia	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES

NOTAS DA VALORACIÓN DA ACTIVIDADE

26. Problemas identificados no informe de condicións de saúde que afectan o desempeño do solicitante na actividade.	27. Descrición do funcionamento do solicitante na actividade.	28. Identificación do emprego de axudas técnicas.
		29. Barreiras ou facilitadores no contorno.
		30. Outras observacións.

VALORACIÓN EN TRANSFERENCIAS CORPORAIS

¿É capaz de realizar as seguintes tarefas relacionadas coas transferencias corporais sen o apoio doutra persoa no seu contorno habitual?

TAREFAS	DESEMPEÑO			Problemas en desempeño			GRAO DE APOIO PERSOAL		
				F	C	I			
Sentarse	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Deitarse	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Pórse de pé	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Transferirse mentres sentado	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Transferirse mentres deitado	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES

NOTAS DA VALORACIÓN DA ACTIVIDADE

31. Problemas identificados no informe de condicións de saúde que afectan o desempeño do solicitante na actividade.	32. Descrición do funcionamento do solicitante na actividade.	33. Identificación do emprego de axudas técnicas.
		34. Barreiras ou facilitadores no contorno.
		35. Outras observacións.

VALORACIÓN EN DESPRAZARSE DENTRO DO FOGAR

¿É capaz de realizar as seguintes tarefas relacionadas con desprazarse dentro do fogar sen o apoio doutra persoa no seu contorno habitual?

TAREFAS	DESEMPEÑO			Problemas en desempeño			GRAO DE APOIO PERSOAL		
				F	C	I			
Realizar desprazamentos vinculados ao autocoidado	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Realizar desprazamentos non vinculados ao autocoidado	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Acceder a todos os elementos comúns dos cuartos	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Acceder a todas as estancias comúns da vivenda en que reside	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES

NOTAS DA VALORACIÓN DA ACTIVIDADE

36. Problemas identificados no informe de condicións de saúde que afectan o desempeño do solicitante na actividade.	37. Descrición do funcionamento do solicitante na actividade.	38. Identificación do emprego de axudas técnicas.
		39. Barreiras ou facilitadores no contorno.
		40. Outras observacións.

VALORACIÓN EN DESPRAZARSE FÓRA DO FOGAR

¿É capaz de realizar as seguintes tarefas relacionadas con desprazarse fóra do fogar sen o apoio doutra persoa no seu contorno habitual?

TAREFAS	DESEMPEÑO			Problemas en desempeño			GRAO DE APOIO PERSOAL		
				F	C	I			
Acceder ao exterior do edificio	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Desprazarse arredor do edificio	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Realizar desprazamento próximo	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
Desprazamento afastado	<input type="checkbox"/> NA	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> SP	<input type="checkbox"/> FP	<input type="checkbox"/> ES
